

ANEXO II: TOPOGRAFÍA E REPLANTEO

1. SITUACIÓN ACTUAL

Os materiais topográfico e cartográficos empregados para a realización do presente estudo foron:

- Ortofoto dixital proporcionada polo PNOA.
- Levantamento topográfico levado a cabo pola Deputación de Pontevedra na zona do ámbito do proxecto.

Antes do comezo da execución das obras realizarase unha revisión en campo, co suficiente grado de detalle para que permita a comprobación e axuste das actuacións propostas.

O levantamento servirá para corrobora-las aliñacións propostas en proxecto, así como as reposicións e afeccións consideradas en proxecto.

No Documento N°2 "PLANOS", pódense cotexar os traballos topográficos realizados, así como a cartografía empregada.

2. REPLANTEO

Todo o trazado foi proxectado sobre a base topográfica realizada polos servizos topográficos da Deputación de Pontevedra, en coordenadas UTM ETRS89 29N.

3. MEDIOS EMPREGADOS

Á hora de realizar os labores de topografía foron necesarios os seguintes aparellos:

- GPS Trimble R8
- Estación Total Trimble S3